

BASES PARA A CREACIÓN - URGENTE - DE BOLSA DE EMPREGO DE OFICIAL - CAPATAZ PARA REFORZO NO SERVIZO LOCAL DE EMERXENCIAS DE SANXENXO - PROTECCIÓN CIVIL.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA E CONDICIÓNS DOS CONTRATOS DE TRABALLO.

O obxecto da convocatoria URGENTE é a selección de OFICIAIS – CAPATACES do servizo de emerxencias municipais co obxecto da creación dunha lista de oficiais- capataces do servizo Grupo 4 (equivalente a C2), nivel CD equivalente a 18. De ser precisa a contratación será a través de contratación laboral temporal (artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores) de oficial – capataz, farase uso da bolsa de emprego (previa fiscalización) cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Cubrir interinamente prazas vacantes no cadro de persoal en tanto non se desenvolve o correspondente proceso selectivo.
- Substitución transitoria das persoas titulares dos postos, nos casos de redución de xornada, xubilación parcial ou permisos a tempo parcial, incapacidade temporal, excedencia voluntaria para o coidado de fillas ou fillos, ou servizos especiais.
- Execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración pública
- Exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, polo prazo fixado na lexislación vixente.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar o persoal que integrará a bolsa de emprego oficial - capataz e regular a súa cobertura cando concorran algunha das causas sinaladas no apartado anterior.

En todo caso, esta/s contratación/s estará/n supeditadas á/s limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado e á existencia de consignación económica no orzamento municipal.

O tribunal propondrá a vista dos resultados da oposición unha Bolsa de Traballo Temporal de oficiais - capataces a cal será utilizada segundo necesidades do servizo, bolsa de contratación con vixencia ata 31 decembro 2019, para cubrir substitucións no servizo municipal de emerxencias – protección civil.

O/s contrato/s de traballo terá/n un período de proba de 1 mes, durante o cal sen previo aviso poderase extinguir por ámbalas partes.

A duración dos contratos non superará en ningún caso a establecida. Por o contrario, debido ás condicións do servizo poderán causar baixa, cando así o estime a xefatura de persoal con motivo de non ser necesarios os reforzos para o que foi contratado.

A xornada, de especial dedicación, será nos servizos municipais de emerxencias e de luns a domingo en quendas de 24 horas cos descansos semanais establecidos por lei. As quendas estableceranse de acordo o que estableza a xefatura do corpo.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade.

b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.

c) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

- d) Posuír a titulación de graduado en educación secundaria obrigatoria, ESO ou equivalente.
- e) Posuír o carné de conducir da clase C.
- f) Posuír o Curso Básico de Protección Civil impartido por Administración Pública ou entidade homologada.
- g) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 12 2080 5061 45 3040005803 a cantidade de 7,73 € fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria (relacionadas na base segunda) dirixiranse ó Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de luns a venres de 9:00 á 14:00 horas, dende a publicación do anuncio nun dos diarios de maior circulación da provincia (dende o 25 de xaneiro de 2017 ata o 6 de febreiro de 2017, ámbolos dous días inclusive). Aqueles aspirantes que presenten en distinto rexistro deberá enviar copia da documentación co selo do rexistro por fax ao nº 986721022.

Xuntarase ca instancia a seguinte documentación:

- Currículo extenso e detallado.
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia da tarxeta co número de afiliación a Seguridade Social.
- Título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ESO ou equivalente.
- Carné de conducir da clase C.
- Título Curso Básico de Protección Civil impartido por Administración Pública ou entidade homologada.
- Certificado médico / Informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer-la función de Oficial – capataz de protección civil. (Orixinal)
- Documento acreditativo do ingreso en prazo (establecido na letra g base 2ª) dos dereitos de exame ou, no seu defecto, tarxeta de demanda de emprego en vigor.
- Certificado CELGA 3 para a exención da realización do 3º exercicio.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as dista.

O tribunal poderá requirir en calquera momento o orixinal da documentación.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES. Puntuación final, relación de aprobados e resolución de alta.

O proceso selectivo será a través do sistema de OPOSICIÓN a cal será valorada de 0 a 10 puntos, e constará:

1º) Proba tipo test de carácter eliminatorio (referida aos contidos do temario ANEXO I), Valorarase de 0 a 6 puntos debendo acadar o mínimo de 3 puntos para considerar como superada a proba e poder pasar a seguinte, (valorándose cada pregunta correcta puntuará 0,06 puntos e cada pregunta incorrecta ou en branco restará 0,02 puntos).

Aqueles aspirantes que superen a proba tipo test convocaranse a través dos listados expostos no Concello de Sanxenxo e Páxina web para a realización da 2ª proba.

2º) **Proba**, Realización dunha proba de manexo de vehículo e/ou de ferramentas de uso diario no traballo, e cuestións relacionadas co temario. Valorándose esta proba de 0 a 4 puntos.

3º) **Coñecemento do idioma galego** (Exentos de facelo aqueles que presentaran certificación de coñecemento da lingua galega): Aqueles aspirantes que non acreditasen o coñecemento do idioma galego a través da presentación do correspondente certificado CELGA 3 (ou equivalente), deberán realizar un exercicio que consistirá na tradución dun texto do castelá o galego. A cualificación será apto ou non apto.

- A suma das probas dará o resultado final da oposición establecéndose un listado por orde de maior puntuación a menor puntuación, o cal conformará a bolsa de emprego de oficiais – capataces do servizo de emerxencias do Concello de Sanxenxo – Protección Civil ata o 31-12-2019.

- No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, pola puntuación obtida no segundo exercicio. De persistir o empate este resolverase por sorteo.

- O aspirante/s comezará/n a prestar servizo/s o día que se lle indique por a alcaldía – presidencia previa presentación de:

- Certificado médico oficial ou informe de saúde.

- Fotocopia do documento de afiliación á seguridade social.

- Número de conta bancaria (nº IBAN).

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

- Para o caso de que o primeiro aspirante non presente a documentación requirida, rexeitase o nomeamento ou renunciase con posterioridade ao posto procederíase ao chamamento do seguinte aspirante por orde de puntuación.

QUINTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS (Data e lugar).

1ª Proba: mércores 8/02/2017 ás 9:30 horas no Concello de Sanxenxo.

2ª Proba: xoves 9/02/2017 ás 9:30 horas (Por determinar – establecerase o día 01/02/2017).

3ª Proba: venres 10/02/2017 coñecemento Galego para aqueles aspirantes que non acreditasen o coñecemento do idioma galego a través da presentación do correspondente certificado CELGA 3 (ou equivalente).

SEXTA. BOLSA DE EMPREGO, VIXENCIA E FUNCIONAMENTO.

Cas persoas que superen o proceso selectivo confeccionarase unha relación ou bolsa, por orde de puntuación que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019 ou ata a creación dunha nova bolsa (o que antes suceda).

1. Farase uso da bolsa de emprego (previa fiscalización) para a contratación na categoría profesional correspondente á praza a que se refire este proceso selectivo, para cando concorra algunha das circunstancias obxecto da convocatoria (Base 1ª).

2. O ofrecemento ás persoas que conforman a bolsa de emprego será por orde de prelación. Comunicarase o aspirante que corresponda, o lugar e data no que e preciso que se presente, se o interesado no día hábil seguinte ao que se lle comunica non manifesta a súa conformidade co chamamento entenderase que renuncia e pasará ó último posto da bolsa de emprego a menos que concorra algunha das seguintes circunstancias (debidamente xustificadas):

a) Período de maternidade, paternidade, embarazo, adopción ou acollida, incluído o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para coidado de fillos en calquera dos supostos expostos.

b) Prestar servizos tanto na administración como no sector privado.

c) Enfermidade.

d) Algunha non exposta e xustificada que poida ser admitida.

3. Os aspirantes que aleguen algunha das circunstancias previstas nas letras do punto 2 da presente base conservarán a súa posición na bolsa. Mentres se mantéña a circunstancia alegada non se chamarán. Os interesados serán os obrigados a comunicar por escrito a finalización da súa situación.
4. O traballador cesará no posto cando remate a causa que dou lugar o seu nomeamento con cargo a bolsa de emprego, e incorporárase á mesma conservando o seu lugar na lista.
5. A renuncia ao posto unha vez formalizado o nomeamento determinará a exclusión da bolsa de emprego.
6. Os membros da bolsa son os responsables de facilitar os seus datos persoais ao Concello e de comunicar calquera variación nos mesmos para facilitar a rápida localización (incluído teléfono e correo electrónico).
7. A inclusión na Bolsa de emprego non implica obriga algunha por parte do Concello de Sanxenxo co solicitante.
8. En todo caso, estes nomeamentos ou contratacións estarán supeditados ás limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano e á existencia de consignación económica no orzamento municipal.

SÉTIMA. Carácter vinculante das bases.

As bases desta convocatoria vinculan ao Concello de Sanxenxo, os tribunais cualificadores e os aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

OITAVA. Datos de carácter persoal.

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un ficheiro ca finalidade de selección de persoal, e se lles reconece a posibilidade de exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando comunicación ao Concello de Sanxenxo, Rúa Consistorio número 2 – 4, 36960 – Sanxenxo.

Os interesados autorizan ao Concello de Sanxenxo a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

NOVENA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal deberá constituírse na data que designe o alcalde - presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

En caso de ausencia do presidente e /ou secretario actuará no seu lugar o vocal titular, actuando como vocal un dos suplentes.

PRESIDENTE : Luís Angel Sabariz Rolan.
SECRETARIO : Celestino Otero Camiña.
VOCAIS : Teresa Reyes Martínez.
Teté Lorenzo Corcoba.
Mario Antuña Sariego.

ASESORES : Carlos Granjel Dios.
Jose Antonio Folgada González.

SUPLENTES: Teresa Amado Moldes.
Aquilino González Pérez.
Susana Aguin Suarez.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases, calquera modificación ou decisión publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal (www.sanxenxo.es).

DECIMA. Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida a alcaldía-presidencia.

Sanxenxo, 24 de xaneiro de 2017.

O alcalde,

Gonzalo Gonzalo Pita.

ANEXO I

1. Lei 17 / 2015 do Sistema Nacional de Protección Civil.
2. Real Decreto 407 / 1992 sobre a Norma Básica de Protección Civil.
3. Lei 5 / 2007 de Emerxencias de Galicia.
4. Real Decreto 2568 / 1986 sobre regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
5. Manual actualizado do curso básico de Protección Civil.

<http://agasp.xunta.es/sites/default/files/manual%20do%20curso%20básico%20de%20PC.pdf>

6. Coñecemento de rúas e lugares municipais.
7. Teoría do lume.
8. Hidráulica.
9. Incendios en interior e ventilación.
10. Incendios en vexetación - forestais.
11. Rescate en accidentes de tráfico.
12. Equipos de Protección Individual nos servizos de emerxencias.
13. Equipos operativos e ferramentas nos servizos de emerxencias.
14. Técnicas de conducción de vehículos emerxencias.

Temario do 7 ao 14 dispoñible: www.ceisquadalajara.es/documentacion/